

ORGANIZACIÓN DOCENTE DOS TÍTULOS DE GRAO

**(Aprobado no Consello de Goberno do 27 de marzo de 2009
e modificado nos Consello de Goberno do 17 de decembro de 2009, e de 17 de novembro de 2010)**

Tal como se acordou en decembro de 2006, despois de se aprobar a Normativa para a elaboración e modificación da RPT, o recoñecemento da actividade investigadora e a actualización do recoñecemento de actividades de xestión, quedaba por incluír a organización docente dos graos e a revisión dos criterios de distribución dos grupos de docencia para adaptalos ao EEES. Xa que áinda non está aprobado o estatuto do PDI, nin o novo plano de financiamento do sistema universitario galego, terase que abordar esta etapa no marco do actual decreto de profesorado, que establece 240 horas de docencia e 260 de titorías anuais, e contar cos recursos previstos no actual plano de financiamento.

Establécense tres tipos de actividades con grupos de estudiantes de tamaño diferente: docencia expositiva en grupos de 60 a 80 estudiantes; seminarios, debates e prácticas en grupos de 20 estudiantes e titorización en grupos reducidos de 10 estudiantes. As actividades de titorización individuais pódense aproveitar para o seguimento do traballo personalizado do estudiantado.

Este modelo é o que se implantou no curso 2008/2009 nos graos de Terapia Ocupacional e Socioloxía (esquema 1). Nas reunións mantidas cos equipos directivos destes centros, detectáronse dificultades para a súa implantación, motivadas entre outras razóns pola falta de espazos e pola elaboración dos horarios. Estas dificultades poden verse agrandadas nos centros con maior número de estudiantes de 1^a matrícula. Deste xeito, para os centros que non dispoñan das instalacións nin dos recursos suficientes para implantar este modelo, propónese que a súa implantación se faga en dúas etapas; na primeira delas limitaríanse as actividades presenciais á docencia expositiva en grupo de 60 a 80; seminarios, debates e prácticas en grupos de 20 estudiantes, deixando as actividades titoriais no formato actual e incluíndo a súa programación na guía docente da materia (esquema 2).

O número de horas presenciais por crédito ECTS será entre 7 e 10 horas, utilizando 10 horas para o tipo de actividades presenciais que implique menor traballo posterior por parte do estudiantado, e sempre que o número medio de horas presenciais no grao non sexa superior a 8,5 horas. Neste último suposto a implantación terá que ser progresiva en función das disponibilidades orzamentarias.

No caso do esquema 2 (grupos de 60 a 80 estudiantes e grupos de 20 estudiantes), a distribución das horas de docencia presencial entre os dous tipos de grupos será, para calquera deles, dun mínimo do 40% e dun máximo do 60% das que correspondan ao número de créditos ECTS.

As 260 horas anuais de titoría individualizada deberán utilizarse fundamentalmente para seguir o traballo non presencial do estudiante.

Referente ao proxecto fin de grao, utilizarase como referencia o establecido actualmente na UDC para os proxectos fin de carreira, cun cómputo de 10 horas presenciais do profesorado por cada 3 proxectos dirixidos.

Os centros, con carácter previo á elaboración do Plano de Organización Docente de cada departamento, deberán establecer os horarios de docencia tanto expositiva, como interactiva e de titorización en grupos reducidos que corresponden ás distintas titulacións do centro.

Esquema 1. Para as titulacións que utilicen este esquema, cómputo en horas do profesorado e do estudiantado para unha materia de 6 créditos ETCS e un grupo de 60 ou 80 estudiantes.

Actividade / Módulo de alumnado	60 alumnos/as	80 alumnos/as
A Docencia expositiva en grupos de 60 alumnos/as.	21	21
B Seminarios, debates, prácticas en grupos de 20 alumnos/as	14	14
C Titoría en grupos reducidos de 10 alumnos/as	7	7
Actividades autónomas do alumnado	108	108
Total horas alumnado	150	150
Alumnos e grupos docentes	60 alumnos/as	80 alumnos/as
Número de alumnos/as	60	80
Grupos A (60)	1	1
Grupos B (20)	3	4
Grupos C (10)	6	8
Horas de profesorado	60 alumnos/as	80
Horas A	21	21
Horas B	42	56
Horas C	42	56
Subtotal ABC	105	133
Horas D. Outras actividades do profesor: titorías personalizadas, avaliación etc. Aproximadamente 30 horas + 1 hora por alumno/a.	90	110
Horas totais	195	243

Con este esquema un profesor a tempo completo podería encargarse de dúas materias de 6 créditos ETCS para un grupo de 60 estudiantes e colaborar na dirección de proxectos de fin de grao.

Esquema 2. Para as titulacións que utilicen este esquema, cómputo en horas do profesorado e do estudiantado para unha materia de 6 créditos ETCS e un grupo de 60 ou 80 estudiantes.

Actividade / Módulo de alumnado	60 alumnos/as	80 alumnos/as
A. Docencia expositiva en grupos de 60 alumnos.	21	21
B. Seminarios, debates, prácticas en grupos de 20 alumnos/as (*)	21	21
Actividades autónomas do alumnado	108	108
Total horas alumnado	150	150
Alumnado e grupos docentes	60 alumnos/as	80 alumnos/as
Número de alumnos/as	60	80
Grupos A (60)	1	1
Grupos B (20)	3	4
Horas de profesorado	60 alumnos/as	80 alumnos/as
Horas A	21	21
Horas B	63	84
Subtotal AB	84	105
Horas D. Titorías individualizadas ou en grupos moi reducidos no despacho do profesor. Aproximadamente 30 horas + 1 hora por alumno/a.	90	110
Horas totais	174	215

(*)Poderá haber grupos de prácticas de laboratorio con menor número de estudiantes se así o requieren as medidas de seguridade ou normativas específicas.

Con este esquema, un profesor a tempo completo (220 horas de clase e 260 de titoría) podería encargarse de dúas materias de 6 créditos para un grupo de 60 estudiantes (168 horas de clase e 180 de titoría) e colaborar nunha terceira materia ou na dirección de proxectos de fin de grao.